

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

20727 *Corrección de erros do Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Advertido erro, por omisión, no Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 307, do 22 de decembro de 2009, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

A continuación da páxina 3 procede a inserción dos correspondentes anexos:

ANEXO I

(Modelo xeral de texto de título)

JUAN CARLOS I, REY DE ESPAÑA

e no seu nome o/a (1)

Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente,

Don/dona, nado/a o día..... de..... de..... en....., de nacionalidade....., con DNI ou pasaporte....., superou os estudos regulados en (2)..... e en (3)....., en (4)....., en (5)....., coa cualificación de (6)....., expide ao seu favor este título de....., na especialidade/profesión/modalidade/etc. (de ser o caso) con carácter oficial e validez en todo o territorio español, que o/a faculta para exercer os dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Lugar,.. de..... de....

O/a interesado/a,

O/a (1)

O/a director/a xeral
de....., ou titular
do órgano competente

(1) O ministro de Educación ou o titular do órgano correspondente da comunidade autónoma respectiva.
(2) Real decreto polo que se establecen as ensinanzas mínimas.
(3) Norma que aproba o currículo.
(4) Centro docente onde o alumno finalizou os correspondentes estudos (con expresión da súa denominación, municipio e provincia).
(5) Mes e ano de finalización dos estudos ou superación da proba final.
(6) A expresión «coa cualificación de» incluírase soamente naqueles supostos en que exista tal cualificación final ou nota media, en virtude dunha norma de carácter básico.

ANEXO II

Especificacións que deben reunir os textos dos títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

Os títulos mencionados serán expedidos de acordo cos seguintes requisitos:

Primeiro.

a) O soporte dos títulos será do material especificado no anexo III deste real decreto e levará incorporadas determinadas marcas de seguranza.

No proceso de impresión de atributos e na personalización dos títulos incorporaranse, así mesmo, marcas de seguranza contra a falsificación.

Por razóns de seguranza, as características básicas dos soportes que se determinan neste real decreto poderán ser actualizadas polo Ministerio de Educación en coordinación coas administracións autonómicas.

b) Os soportes levarán incorporado o escudo de España coas características definidas pola Lei 33/1981, do 5 de outubro, o Real decreto 2964/1981, do 18 de decembro, e o Real decreto 2267/1982, do 3 de setembro.

c) Estarán numerados mediante series alfanuméricas cuxo control lles corresponderá ás unidades responsables do proceso de expedición e conterán as características que os identifiquen como soporte dun título con validez en todo o territorio nacional. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán incorporar aos títulos que expidan o seu propio escudo ou outros, de tamaño non superior ao escudo de España, así como as orlas, cores e grafismos que consideren convenientes.

d) Os títulos levarán impreso todo o seu texto así como as sinaturas dos cargos que teñan a competencia atribuída na Administración da comunidade autónoma respectiva. Os títulos que corresponde expedir ao ministro de Educación levarán impresas a sinatura da dita autoridade e a do director xeral do departamento que teña atribuída a competencia.

e) Non se incorporará ningunha inscrición non impresa no anverso, salvo a sinatura do interesado.

f) Cada Administración expedidora, previamente á entrega do correspondente título ao interesado, incorporará un selo en seco do motivo da súa elección en todos os títulos que expida. As comunidades autónomas remitirán previamente mostra do dito motivo ao Ministerio de Educación para os efectos de coñecemento e garantía de seguranza.

Segundo.

1. No anverso dos títulos, segundo modelo xeral do anexo I, deberán figurar, necesariamente, as seguintes mencións:

a) Referencia expresa a que o título é expedido en nome do Rei polo ministro de Educación ou autoridade da comunidade autónoma competente na materia, segundo corresponda por razón do territorio, conforme a seguinte fórmula: Juan Carlos I, Rey de España, e no seu nome o ministro de Educación/o órgano correspondente da comunidade autónoma. A mención «Juan Carlos I, Rey de España» imprimirase na parte superior central do título, en tipo de letra máis destacado e exclusivamente en castelán.

b) Expresión de que o título se expide para acreditar a superación dos estudos conducentes á obtención do título que proceda, incluída a mención relativa á especialidade, profesión, modalidade, etc., de acordo co previsto no artigo 2 deste real decreto e normas concordantes, e cos efectos que outorgan as disposicións vixentes.

c) Nome e apelidos -en letra destacada-, lugar e data de nacemento e nacionalidade do interesado, tal como figuren no seu documento nacional de identidade, pasaporte, cédula de identidade ou documento oficial análogo do seu país de orixe.

d) Denominación e localización do centro en que finalizaron os estudos conducentes á obtención da titulación correspondente; mes e ano en que o alumno finalizou os ditos estudos e, se procede legalmente, cualificación final obtida.

e) Lugar e data de expedición do título. Esta última coincidirá coa do pagamento dos dereitos de expedición e, no caso de que sexa gratuito por exención da taxa, coa data da solicitude. Nos títulos que se deban expedir de oficio, a data de expedición coincidirá coa data da proposta formulada polo centro docente.

f) Claves identificativas do carácter oficial do título, que estarán compostas polo código do rexistro oficial de titulados da comunidade autónoma respectiva e polo número asignado polo Rexistro Central de Títulos.

2. No anverso dos títulos figurarán tres sinaturas. No caso das comunidades autónomas, a do órgano que corresponda, a do titular do órgano directivo responsable do control da expedición dos títulos da comunidade e a do interesado. Nos títulos que expida o Ministerio de Educación as sinaturas serán as do ministro, director xeral responsable da expedición e interesado. En ambos os dous supostos as dúas sinaturas primeiras irán impresas.

No anverso deberá figurar, así mesmo, a mención ás normas que amparan a oficialidade dos estudos, tanto as de ámbito estatal coma as propias da comunidade autónoma, e as que afecten a súa eficacia. Se se trata de expedición dun duplicado farase constar, de ser o caso, mediante algunha das dilixencias que se inclúen no punto terceiro deste anexo.

No caso de títulos bilingües, as ditas dilixencias poderanse imprimir en castelán e na outra lingua cooficial da comunidade autónoma respectiva.

3. No reverso -ángulo superior esquerdo- imprimirase, en primeiro lugar, a dilixencia relativa ao asento no libro de rexistro de recepción e entrega de títulos que se leve no centro docente responsable de garantir o seu control.

Na parte inferior do reverso reservarase espazo para as dilixencias necesarias (colexiación, legalización, etc.).

Terceiro.—Modelos de dilixencias que se deberán imprimir, en cada caso, na parte inferior esquerda do anverso do título ou certificado, baixo o lugar destinado á sinatura do interesado nos supostos que se indican:

Textos das dilixencias/modelos de tipos de títulos e norma aplicable:

Este título substitúe o expedido con data..... por (1)

- (1) Extravío
- (1) Deterioración
- (1) Rectificación
- (1) Cambio de nome e/ou apelidos, nacionalidade, etc., por causa legal, etc. / títulos que se expiden con carácter de duplicado (artigo 7 deste real decreto)

Este título queda invalidado por falecemento do titular./Títulos cuxo posuidor falecese.

Este título é equivalente ao oficial de....., segundo establece o artigo..... de...../Títulos aos cales se recoñece oficialmente a equivalencia con outros oficiais con validez en todo o territorio español.

ANEXO III

Materiais dos soportes, características mínimas de seguranza, formatos e tamaños

1. Características dos elementos que se empregarán:

a) Papel:

- 1.º Composición fibrosa: sen pasta mecánica (ou similares) nin pasta semiquímica.
- 2.º Grao de brancura de 80 a 86 por 100 (norma UNE 57-062).
- 3.º Opacidade: >93 por 100 (UNE 57-063).
- 4.º Porosidade: entre 100 e 200 ml/min medido en aparello Bendtsen (UNE 57-066).
- 5.º Lisura: entre 150 e 300 ml/min medido en aparello Bendtsen (UNE 57-080).
- 6.º Resistencia mecánica á rotura (UNE 57-028):

Lonxitude de rotura en sentido lonxitudinal \geq 5,8 km.

Lonxitude de rotura en sentido transversal \geq 3 km.

- 7.º Alongamento:

En sentido lonxitudinal \geq 2 por 100.

En sentido transversal \geq 3,5 por 100.

- 8.º Estabilidade dimensional, en sentido transversal, \geq 2 por 100, por inmersión á auga (UNE 57-049).

- 9.º Índice de resgadura: \geq ao 70 media das medidas na dirección lonxitudinal e transversal do papel (UNE 57-033).

10. Ter unha gramaxe de 160 g/m² (\pm 4 por 100) (UNE 57-009).

11. O soporte debe ter un pH entre 7 e 9.

12. Carente de branqueantes ópticos.

- b) Tintas:

As tintas utilizadas na impresión deben ser fisicoquimicamente estables e de forma especial fronte á abrasión e ao efecto descorante da luz:

- 1.º Solidez á luz: mínimo admisible «5» na escala de la.

- 2.º Tratamento adicional de protección para elevar a solidez, especialmente nos tons do ámbito do amarelo maxenta.

- 3.º Protección das tintas metalizadas contra a oxidación.

- 4.º As tintas invisibles, especialmente o azul, deben ser ancorables e resistentes á migración e corremento.

- c) Cores:

O escudo de España deberá reunir os requisitos establecidos na Lei 33/1981, do 5 de outubro, no Real decreto 2964/1981, do 18 de decembro, e no Real decreto 2267/1982, do 3 de setembro, aínda que o vermello se pode obter de masas de maxenta e amarelo, e o verde de masas de cian e amarelo, mantendo as demais cores, co obxecto de minorar a utilización de tintas.

O texto «Juan Carlos I, Rey de España,» irá impreso en azul cian.

O fondo da cartela deberá ir estampado nunha trama de 133 liñas por centímetro cadrado, a un 20 por 100 de cor amarela (pantone 130 U).

2. Características mínimas de seguranza:

- a) Papel:

- 1.º Atributos luminiscentes incluídos na masa do soporte en dúas cores (a determinar).

- 2.º Reactivo contra borradura química.

- 3.º Marca á auga do escudo de España de 2,5 centímetros de alto no ángulo inferior esquerdo da cartela, que se determina na seguinte epígrafe de formatos e tamaños.

- b) Impresión:

- 1.º Tintas luminiscentes visibles.
 - 2.º Tintas luminiscentes invisibles.
 - 3.º Tintas metaméricas cun máximo dun 20 por 100 de diferenza de intensidade.
- c) Deseño:
- 1.º Indiana ou trama de fondo.
 - 2.º Orla de seguranza.
- d) Atributos:
- 1.º Control alfanumérico.
 - 2.º Rexistro autonómico.
 - 3.º Rexistro Central de Títulos
 - 4.º Selo en seco.
 - 5.º Siglas identificativas das diferentes familias de títulos e das diferentes administracións educativas, estampadas no ángulo inferior esquerdo.

3. Formatos e tamaños:

A impresión realizarase en tamaño de papel UNE.A-4 (210 × 297 milímetros) ou UNE.A-3 (297 × 420 milímetros) e dous modelos (un para títulos expedidos polo Ministerio de Educación e o outro para os expedidos polas administracións das comunidades autónomas) cuxa única diferenza é a situación do escudo de España, que nos títulos que expida o Ministerio de Educación irá no anverso centrado arriba e no modelo para expedición polas demais administracións educativas se situará no ángulo superior esquerdo para desta forma deixar espazo análogo no ángulo superior dereito para que se poida imprimir, se é o caso, o escudo da comunidade autónoma respectiva como suxiren as imaxes que figuran ao final deste anexo. A cartela en ambos os dous modelos irá centrada ao eixe vertical cunha marxe superior de 97 milímetros e unha marxe inferior de 30 milímetros.

Conterá unha reserva non impresa no ángulo inferior esquerdo da cartela de 4 centímetros de diámetro, a 5 milímetros da súa marxe esquerda e a 25 milímetros do inferior. No ángulo inferior dereito realizarase unha reserva análoga destinada á impresión do selo en seco.